Tradescantia fluminensis Vell., 1829

- herba da fortuna, trapoeraba, orella de gato
- oreja de gato, amor de hombre
- tradeskanzia, judu-landa
- tradescàntia, jueu errant
- white-flowered, spiderwort
- trapoeraba, judeu-errante



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Commelinales**	**Commelinaceae**	***Tradescantia***

ORIXE

América.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte herbáceo tapizante. Posúe un sistema radicular adventicio. O talo é suculento e fráxil, de sección redondeada. Pode ser rastreiro ou colgante, moi ramificado. Rompe con facilidade. As follas son alternas, ovadas ou elípticas, cun ápice agudo. Son de cor verde brillante, ás veces violáceas, de textura carnosa e superficie glabra. As flores son pequenas pero vistosas, aparecen en solitario ou formando pequenos grupos. Posúen 3 pétalos brancos e 6 estames con filamentos pilosos. Florece na primavera-verán. Froito en forma de cápsula trilocular.

HÁBITAT

Medra en zonas húmidas e sombrías: ribeiras, sebes e bosques húmidos. Prefire solos ricos en materia orgánica. Tolera ben a sombra, o que lle dá vantaxe sobre especies autóctonas.

DISTRIBUCIÓN

Orixinaria de América do Sur (do Brasil, da Arxentina e do Uruguai). Amplamente introducida en Europa, América do Norte, Australia e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

É unha das invasoras máis agresivas en bosques húmidos, xa que forma capas densas que impiden a rexeneración do bosque. Ademais, o contacto prolongado coa seiba pode provocar irritación cutánea en humanos e algúns animais.